



NORMATIVA DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS

Concello de Coirós · Curso 2026/2027

1. INSCRICIÓN E PRAZAS

As inscricións nas actividades municipais realizaranse mediante os formularios habilitados polo Concello e publicados na súa páxina web, diferenciándose, no seu caso, entre actividades deportivas e culturais.

A formalización da inscrición non implica a aceptación ou adxudicación dunha praza da actividade.

A admisión será confirmada posteriormente polo concello de acordo coas prazas dispoñibles e cos criterios establecidos.

As prazas cubriranse por **rigorosa orde de inscrición**, tendo preferencia as persoas empadroadas no Concello de Coirós. Non se reservarán prazas de cursos anteriores.

A inscrición nunha actividade implica a aceptación da presente normativa e das condicións específicas establecidas para cada actividade.

As listaxe de persoas admitidas será aprobada pola Alcaldía e publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.coiros.es/sxc/gl/informacion/>).

2. ALTAS E BAIXAS

As altas serán efectivas unha vez formalizada correctamente a inscrición e realizada polo Concello a correspondente xestión de cobro da actividade mediante o recibo establecido para tal efecto.

As baixas deberán comunicarse obrigatoriamente a través do formulario de baixas publicado no anuncio da páxina web, non sendo suficiente a comunicación verbal ao persoal monitor ou responsable da actividade.

3. ASISTENCIA E MANTEMENTO DA PRAZA

As persoas admitidas deberán asistir con regularidade ás actividades. A **non asistencia ás sesións non eximirá do pagamento das cantidades correspondentes ao período de inscrición**.

Co obxecto de garantir o aproveitamento das prazas dispoñibles, o Concello poderá realizar comprobacións periódicas sobre a participación nas actividades.

Cando o Concello teña coñecemento de que unha persoa inscrita non está asistindo de maneira continuada á actividade, xa sexa a través das comprobacións que poida realizar ou da información facilitada polo persoal monitor, **podrá poñerse en contacto coa persoa interesada para coñecer se mantén a súa intención de continuar na actividade**.



Esta comunicación terá como finalidade favorecer a correcta xestión das prazas dispoñibles e, no seu caso, facilitar que a persoa poida tramitar a correspondente baixa.

Non será necesario realizar un control nominal de asistencia ao inicio de cada sesión, sen prexuízo das comprobacións periódicas que poida realizar o Concello.

4. DESENVOLVEMENTO E CALENDARIO DAS ACTIVIDADES

As actividades desenvolveranse, con carácter xeral, **de outubro de 2026 a maio de 2027**, de acordo cos días e horarios establecidos para cada actividade.

As actividades suspenderanse nos días festivos e nos períodos non lectivos establecidos no **calendario escolar oficial da Xunta de Galicia para o curso 2026/2027**, dentro do período de desenvolvemento das actividades.

Os días, horarios, instalacións ou grupos poderán ser modificados polo Concello por razóns organizativas, de dispoñibilidade das instalacións ou para garantir o correcto funcionamento das actividades.

As actividades poderán suspenderse excepcionalmente por causas de forza maior, condicións meteorolóxicas adversas, indispoñibilidade das instalacións ou outras circunstancias que impidan o seu normal desenvolvemento.

5. GRUPOS, PRAZAS E CONTINUIDADE

Todas as actividades estarán condicionadas á formación dun **grupo mínimo de participantes**. O Concello poderá non iniciar, modificar ou cancelar unha actividade cando non se acade o número mínimo establecido ou cando concorran circunstancias que impidan a súa continuidade.

O número máximo de prazas de cada actividade será o establecido no **Anexo I da presente normativa**.

O número de prazas poderá determinarse en función das características da actividade, das instalacións dispoñibles, do material necesario e das condicións de seguridade e desenvolvemento da mesma.

6. ORGANIZACIÓN DOS GRUPOS E CRITERIO PROFESIONAL

A inscrición nunha determinada actividade, horario ou nivel **non implica necesariamente a asignación definitiva da persoa a un grupo concreto**.

Cando as características da actividade así o requiran, o persoal técnico responsable poderá organizar ou reorganizar os grupos atendendo a criterios relacionados coa idade, nivel, experiencia, capacidades, características das persoas participantes, equilibrio dos grupos ou adecuado desenvolvemento da actividade.

Esta organización terá como finalidade garantir o **correcto funcionamento, seguridade e calidade das actividades**, polo que o Concello poderá propoñer cambios de grupo ou nivel cando o criterio profesional así o recomende.



7. PERÍODO DE PROBA E OBSERVACIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades municipais **non contarán con período de proba**, polo que non estará permitida a participación puntual dunha persoa non inscrita coa finalidade de probar ou valorar a actividade.

As persoas interesadas poderán, previa comunicación e autorización do Concello, **observar unha sesión da actividade**, sempre que as características da mesma e o seu normal desenvolvemento o permitan.

A observación deberá realizarse sen interferir no desenvolvemento da actividade nin na participación das persoas inscritas.

8. PRESENZA DE ACOMPAÑANTES NAS ACTIVIDADES DE MENORES

Nas actividades dirixidas a menores, os **pais, nais, titores e acompañantes non poderán acceder ao espazo onde se desenvolve a actividade durante a sesión nin durante a recollida** ata que esta finalice e o persoal responsable autorice o acceso.

Excepcionalmente, poderá permitirse o acceso cando exista autorización do persoal responsable ou concorran circunstancias excepcionais ou debidamente xustificadas.

9. MATERIAL, EQUIPAMENTO E USO DAS INSTALACIÓNS

O material necesario para o desenvolvemento das actividades será facilitado polo Concello cando así estea previsto e se trate de material de uso común ou colectivo.

O **material de uso persoal** necesario para participar nunha actividade deberá ser achegado pola propia persoa participante ou, no caso de menores de idade, polas persoas responsables da mesma.

Terán a consideración de material de uso persoal, entre outros, cadernos e material escolar, instrumentos musicais, esterillas de uso individual, raquetas de bádminton ou pickleball, patíns e outros equipamentos similares propios de cada participante.

Nas actividades nas que se realicen exercicios sobre esterilla, recoméndase o uso dunha **toalla persoal** para favorecer a hixiene e o correcto desenvolvemento da actividade.

A apertura e peche das instalacións, a manipulación dos sistemas e equipamentos das mesmas, así como a organización e preparación do material necesario para o desenvolvemento das actividades, corresponderá ao **persoal responsable da actividade**, seguindo as normas de funcionamento establecidas polo Concello.

As persoas participantes non deberán manipular nin modificar por iniciativa propia os sistemas, equipamentos ou elementos de funcionamento das instalacións, debendo comunicar calquera incidencia ao persoal responsable da actividade.

As persoas participantes deberán **colaborar na recollida e correcta colocación do material utilizado durante a sesión**, como parte do normal desenvolvemento da



actividade e co obxecto de garantir a súa conservación, orde e dispoñibilidade para as seguintes sesións.

As persoas participantes serán responsables do correcto uso e conservación do material municipal que empreguen durante as actividades.

10. TAXAS E PAGAMENTO DAS ACTIVIDADES

As taxas correspondentes á participación nas actividades municipais serán as establecidas na **Ordenanza reguladora da taxa de participación en actividades culturais, deportivas e recreativas e uso de instalacións deportivas municipais do Concello de Coirós**, ou na normativa fiscal que resulte de aplicación en cada momento.

Para o curso 2026/2027, as tarifas serán as establecidas na correspondente ordenanza fiscal para as persoas empadroadas e non empadroadas no Concello, coa correspondente actualización do IPC.

O curso comprende o período de **outubro de 2026 a maio de 2027** (agás a escola de música e baile tradicional que incluírá o mes de xuño), organizándose o pagamento en **dous períodos de catro meses**, correspondendo o primeiro aos catro primeiros meses do curso e o segundo aos catro meses seguintes, de acordo co procedemento establecido polo Concello. No caso da Escola de Música e Baile Tradicional, para a que o segundo pagamento corresponderá excepcionalmente a un período de cinco meses, debido á prolongación das clases ata o mes de xuño para a preparación e participación nas actuacións e actividades programadas durante este período. Ditos recibos pasaranse a cobro nos meses de novembro de 2026 e febreiro de 2027.

No caso das **altas iniciais**, se a persoa solicita a baixa durante o primeiro mes do curso, aboará unicamente a cantidade correspondente a ese mes, de acordo coa liquidación que corresponda.

Unha vez rematado o primeiro mes, **as baixas solicitadas durante o resto do período de pagamento non darán lugar ao fraccionamento nin á devolución das cantidades correspondentes ao período xa iniciado**.

No caso de **novas incorporacións á actividade durante o curso, sempre que existan prazas vacantes**, as persoas interesadas poderán optar entre **incorporarse de maneira inmediata á actividade, aboando a mensualidade completa correspondente ao mes de incorporación, ou agardar ao inicio do mes seguinte para formalizar a súa incorporación e iniciar o pagamento nese momento**.

En ningún caso se realizará o **fraccionamento ou prorrateo da mensualidade** en función da data de incorporación á actividade. A incorporación deberá ser previamente confirmada polo persoal técnico responsable da actividade, unha vez comprobada a existencia de praza vacante.

En ningún caso se realizará unha redución da tarifa en función do número de sesións ás que asista a persoa durante o mes correspondente.



11. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

As persoas participantes deberán respectar as indicacións do persoal responsable da actividade, as normas de uso das instalacións municipais e o material empregado.

Deberase manter en todo momento unha actitude de respecto cara ao persoal técnico, demais participantes e instalacións municipais.

O incumprimento reiterado das normas de funcionamento poderá dar lugar á adopción das medidas que correspondan, incluída, se procede, a perda da praza na actividade.

12. COMUNICACIÓNS

As comunicacións relativas ás actividades municipais realizaranse preferentemente a través dos **canais oficiais do Concello e mediante WhatsApp**, utilizando os datos de contacto facilitados no momento da inscrición.

As persoas participantes deberán facilitar un número de teléfono válido e manter actualizados os seus datos de contacto para poder recibir as comunicacións relativas á actividade.

As publicacións de información sobre admisión, prazas ou organización dos grupos realizaranse respectando en todo momento a normativa aplicable en materia de protección de datos persoais.

13. ACEPTACIÓN DA NORMATIVA

A formalización da inscrición implica o coñecemento e aceptación da presente normativa, así como das condicións específicas establecidas para cada actividade.

13.1 NORMATIVA DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A empresa adxudicataria estará obrigada a gardar absoluto segredo respecto de toda a información á que teña acceso durante a execución do contrato.

Os datos persoais das persoas participantes serán tratados exclusivamente para a correcta prestación do servizo, conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e na Lei Orgánica 3/2018.

En particular, a empresa deberá:

- Garantir a confidencialidade da información.
- Impedir o acceso de persoas non autorizadas aos datos persoais.
- Non utilizar a información para fins distintos aos derivados da execución do contrato.
- Adoptar as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade da información.
- Destruír ou devolver ao Concello toda a documentación que conteña datos persoais unha vez rematada a execución do contrato, cando así se lle requira.



ANEXO I. PRAZAS DAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS

O número máximo de prazas establecido para cada actividade será o indicado no cadro de actividades municipais publicado polo Concello para o curso 2026/2027.

As prazas estarán condicionadas, en todo caso, ás características da actividade, á capacidade das instalacións, aos medios dispoñibles e ao grupo mínimo necesario para garantir a súa realización.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS		
ACTIVIDADES	Nº PRAZAS MÍNIMO	Nº PRAZAS MÁXIMO
BAILOTERAPIA	8	20
IOGA	8	20
PILATES	8	20
SOLO PÉLVICO	8	20
CIRCUIT TRAINING G1	8	16
CIRCUIT TRAINING G2	8	16
ADESTRAMENTO MAIORES	8	20
BÁDMINTON	8	16
PICKLEBALL	8	16
PATINAXE (iniciación)	8	20
PATINAXE (avanzado)	8	20
XIMNASIA RÍTMICA	8	16
XOGOS PREDEPORTIVOS	8	20
PICKLEBALL (MENORES)	8	16

ACTIVIDADES SOCIAIS, DE CONCILIACIÓN E CULTURAIS		
ACTIVIDADES	Nº PRAZAS MÍNIMO	Nº PRAZAS MÁXIMO
PINTURA	6	24
GUIARRA	6	8
TEATRO MOCIDADE	8	12
INFORMÁTICA	6	14
INGLÉS	6	36
ROBÓTICA	6	14
MANUALIDADES E PINTURA	8	14
BOLILLOS	8	10
BORDADO	8	10
TEATRO ADULTXS	8	14
CORO	10	22
VERBENA	10	24
CANTOS DE TABERNA	10	24
CONEXIÓN DIXITAL	8	14
INGLÉS CONVERSA	8	14